

## LISTAXES PROVISIONAIS DAS SOLICITUDES ADMITIDAS E INADMITIDAS DO PROGRAMA "CONECTA CON GALICIA" (PR 930A) – 2023

### EUROPA

De conformidade co disposto no artigo 9.3 e 9.4 da Resolución do 13 de abril de 2023 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a participación do programa Conecta con Galicia (DOG núm. 77 do 21 de abril), unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e examinados os expedientes de solicitudes pola comisión de avaliación prevista no artigo 8, publícanse as listaxes provisionais de solicitudes admitidas e inadmitidas por países, sinalando, neste último caso, as causas de inadmisión. No caso das admitidas, sinálase a documentación que falta e o artigo da Resolución que incumpre.

As persoas que deben completar ou emendar o expediente de solicitude disporán dun **prazo de 10 días hábiles**, desde o día seguinte ao da publicación na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración das listas provisionais (<https://emigracion.xunta.gal>), para formular as alegacións que consideren oportunas, subsanar os erros o achegar os documentos preceptivos.

Transcorrido ese prazo sen que as persoas interesadas emenden as solicitudes, consideraranse desistidas da súa petición conforme ao establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### SEGUNDA QUENDA (29 DE XULLO – 11 AGOSTO)

#### Admitidos

APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	ARTIGO QUE INCUMPRE	REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN OU ENMENDA DA SOLICITUDE
BRYAN	ACITORES	MAIKA	ART. 5.1.f) ART. 3.1.h) ART. 5.1.a)	Xustificación dos ingresos Lloyd Bryan Libro de familia
PASTORE	LOPO	RAFAELA	TODO CORRECTO	-

#### Inadmitidos ou excluídos

APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	ARTIGO RESOLUCIÓN	CAUSA DE INADMISIÓN
FERNANDEZ	RODRIGUEZ	INES	ART. 3.1.a) ART.3.1.b) Anexo I	Residencia en España
FERNANDEZ	GONZÁLEZ	BRANDÁN	ART. 3.1.a) ART.3.1.b) Anexo I	Residencia en España

Estas listaxes serán expostas nos taboleiros de anuncios das Delegacións da Xunta en Bos Aires e Montevideo e nas entidades colaboradoras citadas no artigo 4.1. da resolución da convocatoria.

A Secretaría da Comisión Avaliadora

María Diz Rodríguez



## LENDA

Artigo 3. 1. a): Ter a súa residencia habitual no exterior.
Artigo 3. 1. b): Ter nacido en Galicia ou ser descendente de persoa emigrante galega.
Artigo 3. 1. c): Ter nacionalidade española.
Artigo 3. 1. d): Atoparse vinculado con calquera concello galego no Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE).
Artigo 3. 1. e): As persoas participantes nas actividades deberán ter, o 30 de xuño de 2023, unha idade comprendida entre os 16 e os 17 anos.
Artigo 3. 1. g): Carecer de discapacidades que lles impidan realizar a viaxe e participar con normalidade nas actividades do programa.
Artigo 3. 1. h): Condiciones económicas: para optar as prazas de financiación do 100% da axuda da viaxe, o límite máximo de ingresos persoais, non poderá superar en dúas veces o salario mínimo interprofesional ou equivalente de referencia no país de residencia para o ano desta convocatoria, sendo o máximo admitido para a unidade familiar o resultado de multiplicar o 70% de dita cifra polo número de persoas que convivan menos unha. / As persoas solicitantes cuxa unidade familiar non dispoña de ingresos superiores a catro veces o salario mínimo interprofesional ou equivalente de referencia no país de residencia para o ano desta convocatoria, deberán aboar 500 € se residen en América e 125 € se residen en Europa. / As persoas solicitantes cuxa unidade familiar supere as ratios indicadas nos puntos anteriores deberán aboar 1.000 € se residen en América e 250 € se residen en Europa.
Artigo 3. 2.: Terán a consideración de rendas ou ingresos computables todo tipo de rendas, mesmo as axudas públicas ou privadas, os bens ou dereitos dos que dispoña anualmente a persoa beneficiaria ou a unidade económica familiar, derivadas tanto do traballo como do capital, así como calquera outro substitutivo daqueles.
Artigo 3. 3.: A unidade económica familiar estará integrada pola persoa solicitante, os pais e parentes por consanguinidade, afinidade ou adopción ata o segundo grao que convivan con ela, así como, se é o caso, o cónxuxe, parella de feito ou relación análoga de afectividade.
Artigo 5. 1. a): Documentación acreditativa da identidade e nacionalidade: documento identificativo da persoa solicitante que posúa a nacionalidade española, ben sexa pasaporte español ou outro documento de identidade en que consten os seus datos persoais e a nacionalidade española, segundo o caso, ademais do libro de familia.
Artigo 5. 1. b): Documentación acreditativa do nacemento en Galicia ou da ascendencia galega que inclúa documentación acreditativa do parentesco, cando proceda.
Artigo 5. 1. c): Certificado de inscrición no Rexistro de Matrícula Consular ou outro documento oficial xustificativo que acredite a residencia continuada no exterior, en que conste a dilixencia de inscrición no Rexistro de Matrícula Consular.
Artigo 5. 1. d): Unha fotografía recente tamaño carné.
Artigo 5. 1. e): Un certificado médico conforme o modelo oficial que figura como anexo IV, de non padecer enfermidade infecto-contaxiosa e de ser apto para participar, con normalidade, en actividades recreativas e deportivas.
Artigo 5. 1. f): Para as persoas participantes que opten polas prazas con copagamento de 500 € ou 1.000 € ou 125 € ou 250 €, segundo viaxen de América ou Europa respectivamente, unha certificación ou un xustificante acreditativo dos ingresos brutos, rendas ou pensións de calquera natureza que perciban as persoas interesadas e os membros da súa unidade económica familiar. No caso de imposibilidade xustificada de presentar esta documentación, poderá constituír documentación suficiente una declaración responsable das persoas integrantes da unidade económica familiar.
Artigo 5. 1. g): As persoas participantes deberán presentar unha autorización expresa asinada polos pais ou titores legais para viaxaren soas e para a súa asistencia á actividade, así como para quedaren coa súa familia en Galicia ao remataren a actividade, indicando os datos dos familiares que se farán cargo delas, conforme o modelo que figura como anexo III.

